Unidade didáctica para Educación Infantil e Primaria



FEP Fundación Eduardo Pondal

ACTIVIDADES:
MARÍA BARCA GÓMEZ
MARTA BARCA GÓMEZ
ALEJANDRA CAMPO PENÍN
MARÍA JOSÉ FDEZ. DE SANMAMED MANEIRO

ILUSTRACIÓNS:
CARLOS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

MATERIAL GRÁFICO:
REAL ACADEMIA GALEGA
FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL

FEP Fundación
Eduardo Pondal



Ola, chámome Arume e quero que coñezades a un gran amigo. Chámase Eduardo Pondal.

CARNÉ DE IDENTIDADE



NOME: EDUARDO
APELIDO: PONDAL
DATA DE NACEMENTO:
8-FEBREIRO-1835

Febreiro 1835

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

CARNÉ DE IDENTIDADE

NOME:

APELIDO:

DATA DE NACEMENTO:

MES:

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Completa o teu carné como fixo Eduardo Pondal co seu. Escribe o teu nome e apelidos, procura a túa data de nacemento e márcaa no calendario. Debuxa a túa fotografía carné.



Eduardo Pondal era o máis pequeno de sete irmáns. Axúdalle a atopar a súa cunca.



Observa con atención e identifica a cunca máis pequena. Píntaa. Cantas cuncas son grandes? Cantas son medianas? E pequenas? Escribe o número correspondente, respondendo a estas preguntas.



Xa de moi pequeno Eduardo foi estudar á escola de Nemiña.



Axuda a Eduardo a chegar á súa escola sen perdervos polo camiño.



Cando foi máis maior, marchou estudar o bacharelato a Santiago de Compostela.

Atopa as cinco diferenzas entre as dúas paisaxes chuviosas.



Eduardo Pondal foi estudar a Santiago de Compostela o bacharelato e a carreira de medicina.

GANDEIRO

CIENTÍFICO

MÉDICO

PERRUQUEIRO



Nomea cada un dos obxectos e comenta para que se usa. Úneo coa profesión correspondente.
Pinta só a profesión que estudou Eduardo Pondal.



Eduardo Pondal xuntábase no «Liceo la Juventud» cos seus amigos: Rosalía de Castro, Manuel Murguía e Aurelio Aguirre.



ROSALÍA

MANUEL

AURELIO

Fíxate na cara dos amigos de Eduardo e comenta que partes lle faltan. O debuxante esqueceuse dalgunhas partes. Complétaas ti e coloréaas. Rodea a primeira letra do nome dos amigos de Eduardo e escribe, se podes, outro nome que comece igual: «M» de... María, Marta, Martiño...



Despois de estudar medicina, traballa só durante tres anos como médico. Decide que quere adicarse a escribir.

A B C D E F G H I L M N

Ñ O P Q R S T U V X Z

A Eduardo Pondal encantáballe escribir. Coñecía moi ben as letras. E ti? Poderías colorear as letras do teu nome?

Atopa as follas iguais e colorea cada parella da mesma cor. Sabes de que árbore son? Son de castiñeiro, plataneiro, carballo e limoeiro. Busca información para saber de que árbore é cada unha.



Un dos seus poemas titúlase OS PINOS. Este poema é o himno de Galicia, e comeza así:

QUE DIN OS RUMOROSOS
NA COSTA VERDECENTE
AO RAIO TRANSPARENTE
DO PRÁCIDO LUAR?



Pica a lúa cun punzón e pégalle papel de aluminio. Repasa cunha cor amarela os raios de luz da lúa. Decora ao teu gusto o resto do ceo para que luza mellor o luar.



O himno de Galicia tamén fala das copas das árbores, do son que se escoita cando as move o vento:

QUE DIN AS ALTAS COPAS
DE ESCURO ARUME ARPADO
CO SEU BEN COMPASADO
MONÓTONO FUNGAR?

Fíxate nas árbores e observa a diferenza entre as copas. Como son? Que forma teñen?
Agora completa a liña do horizonte ata o final, seguindo a serie.



Eduardo Pondal foi membro da Real Academia Galega e adicóuselle o Día das Letras Galegas no ano 1965.



(Caricatura feita por Lucía, 8 anos. CEIP Milladoiro, de Malpica)

Decora e recorta o marcapáxinas de Eduardo Pondal.

Concello
de
PONTECESO

FEP Fundación
Eduardo Pondal

Deputación
DA CORUÑA